



G O N C E L L O
D E
G O N D O M A R
(P o n t e v e d r a s)

Risco = Ande

expedientes de solicitude de licencias pendentes e aqueloutros que poidan presentarse en diante, sempre referidos aos núcleos rurais tradicionais delimitados ao amparo da Lei 11/85, de acordo coas Normas Urbanísticas revividas, en canto a edificacións de nova planta e obras de mantemento, mellora, rehabilitación e posible ampliación das vivendas existentes, debendo outorgarse licencia de actividade en todo o termo municipal, sempre que cumpran cos requisitos esixidos polas disposicións legais que os regulan, que é incorporado ao Decreto da Alcaldía de 19 de outubro de 2010, polo que se suspenden as licencias de edificación nos demais ámbitos do territorio e pormenorízanse as condicións de aplicación, que é publicado no BOP da mesma data, sen que fose impugnado, transformándose en firme e executivo de conformidade co previsto nos arts. 56 e 97 da LPA-PAC, a Secretaría e Técnica da Administración Xeral consideran, que Gondomar carece de normativa urbanística algunha, pese as resolucións de rango superior, e acordos adoptados ó efecto, adoptando unha actitude totalmente negativa en todos e cada un dos expedientes en trámite, propondo á Alcaldía a firma de resolucións que contradín plenamente o resolto pola Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia en canto á reviviscencia das Normas, antes referida, e á delimitación dos núcleos rurais tradicionais co proceso anteriormente indicado.

A iso ha de engadirse o abandono, por negligencia, na tramitación dos expedientes de obra autorizados no Plan-E 2010, a risco de perder a subvención de 1.400.000 €, por cuxo motivo xa foi advertida no seu día a Secretaría Municipal, así como a recente perda de subvención para a adquisición dun vehículo para a Policía Local, ao non estar atenta ás publicacións insertadas no DOG e no BOP que poidan afectar ao Concello de Gondomar, o que supón unha conducta hostil e destéal das mencionadas funcionarias cara ao Goberno Municipal.

Isto obriga ó goberno a buscar unha solución, legal lexítima e lóxica, escollendo a vía da contratación dunha competente asesoría externa, para descargar de traballo as funcionarias desbordadas polo ritmo acadado na administración municipal, para aproveitar os recursos dispoñibles, e para non perder as opcións que outras administracións poñen o noso dispor.

En consecuencia, en aras dunha mellor xestión, tanto a Secretaría Xeral do Concello, como a Técnica de Administración Xeran quedan relevadas e apartadas de informar, requirir ou incidir na tramitación de todos os expedientes de contido urbanístico mentres esta Alcaldía non resolva o que considere máis oportuno respecto diso.

Gondomar, 18 de febreiro de 2011.

21 Puor